



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

BORRADOR ACTA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 14/04/2008

ASISTENTES:

D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez.
D^a Araceli Río Bimbiela.
D. Roberto Iglesias Delgado.
D^a M^a Amadora Gómez Álvarez
D. Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.
D. José Castor Novoa Fernández.
D. Manuel Diéguez Carballo.
D^a. M^a Cándida Carnero Blanco.
D. Ildefonso José Piñeiro Díaz.
D. Xesús Mazaira Varela.
D^a. Olga Otero Gómez.

SECRETARIO:

Rafael del Barrio Berbel.

Ausentes:

D. José Luís Janeiro Rodríguez, que xustificou a súa ausencia.
D^a M^a Susana López Abella, que xustificou a súa ausencia.

No salón de sesións da casa da Cultura do Concello de Chantada, sendo as dez horas e dez minutos do día catorce de abril de de dous mil oito, reuníronse logo de convocatoria en legal forma practicada os señores concelleiros e concelleiras que se relacionan arriba e que constitúen a maioría absoluta dos que compoñen o Pleno da Corporación, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, e asistidos por min, o secretario, co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria urgente en primeira convocatoria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse a

ORDE DO DÍA:

1º.-PRONUNCIAMIENTO DO PLENO SOBRE A URXENCIA DA PRESENTE CONVOCATORIA.

O Sr. Alcalde xustifica a urgencia da convocatoria, ao amparo dos artigos 79, 82.3 e 97.2 do RD 2568/1986, na necesidade de non demorar a licitación e execución das obras no campo de fútbol como consecuencia da entrada en vigor no mes de maio da Lei de contratos do sector público.

Sometida a urgencia da convocatoria a votación é aprobada por unanimidade.

2º.- APROBACIÓN CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE CHANTADA PARA A EXECUCIÓN DAS “OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DO CAMPO DE FUTBOL DE SANGOÑEDO, 2ª FASE”. EXPTE 311/140/2008.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

D. Ildefonso Piñeiro Díaz, tenente de alcalde do Concello de Chantada, en uso das súas atribucións legalmente conferidas polo Decreto de delegacións de data 29/08/2007, por motivos de urxencia xustificados ao amparo dos artigos 79, 82.3 e 97.2 do RD 2568/1986.

Visto o escrito da Dirección Xeral para o Deporte do día 7/04/2008, RE nº 1260, e o borrador do convenio de cooperación entre a Xunta de Galicia e o Concello de Chantada para a execución da obras do campo de fútbol de Sangoñedo de Chantada, 2ª fase; que licitará e executará a Xunta de Galicia por un importe de 792.828,24 euros.

Visto o correspondente certificado de retención de crédito por importe de 133.437,60 euros para o financiamento a cargo do Concello da citada obra.

Visto o informe do Aparellador municipal do día 10/04/2008.

Considerando o disposto na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia e na Lei 11/1997, do 22 de agosto, xeral do deporte de Galicia.

Considerando o disposto en canto á colaboración interadministrativa nos artigos 55 e 57 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; os artigos 6.5 e 88 da Lei 30/92, do 26 de novembro; o artigo 4 do Texto Refundido da Lei de contratos das administracións públicas, e demas normativa concordante.

Considerando o disposto nos artigos 21.1 e 22 da Lei 7/85, do 2 de abril (LBRL), e no Decreto de Alcaldía de data 29/08/2007, no que se delega xenericamente no Tenente de Alcalde a competencia en materia de Deportes.

Aberto o debate pola Presidencia o Sr. Tenente de Alcalde sinala que no ano 2004 encargouse o proxecto completo para a remodelación do campo de fútbol, en dúas fases, unha primeira do terreno de xogo, xa feita, e a segunda que se fai agora consistente na construción das gradas cubertas para 200 persoas, vestuarios, aseos, bar, renovación da cuberta, e a nova iluminación do terreo de xogo. Tamén sinala que o importe total das obras é de 792.828,24 euros, correspondendo un 15% a Chantada, que hai un informe do Aparellador municipal e que o proxecto das obras pódese consultar agora aquí mesmo o nas dependencias municipais. Por último, pide desculpas pola urxencia da convocatoria, xa que a entrada en vigor da nova lei de contratos retrasaría as obras ao ano 2009.

O Sr. Varela Rodríguez acepta as desculpas do Sr. Tenente de Alcalde, sinalando que a convocatoria incumpliu a antelación mínima de carenta e oito horas, polo que membros do seu grupo non puideron asistir á sesión. En canto o fondo do asunto móstrase favorable, felicitando a consecución desta segunda fase.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto de Convenio de Cooperación a suscribir entre a Xunta de Galicia e este Concello, para a execución da obras do campo de fútbol de Sangoñedo de Chantada, 2ª fase, aceptando todas e cada unha das cláusulas que o integran.

SEGUNDO.- Autorizar e dispoñer o gasto por importe de 113.437,60 euros, con cargo á partida orzamentaria 452.622.00 da anualidade de 2008, para a axuda económica prevista no convenio para a execución das obras. A adopción deste acordo comporta a autorización e disposición dos gastos polo importe e finalidade sinalados, debendo procederse á adecuada e independente contabilización. O Concello comprométese a formalizar os desembolsos



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

económicos de acordo coa cláusula 5.2 d) do Convenio, e renuncia expresamente a reter da achega da corporación calquera tipo de tributo con motivo das obras.

TERCEIRO.- Poñer a disposición da Dirección Xeral para o deporte, os terreos de titularidad municipal sitos no campo de fútbol de Sangoñedo, cunha superficie de 1.274,50 m², que se atopan libres de cargas e gravámenes, co exclusivo fin de posibilitar a normal execución das obras. Os terreos son aptos urbanísticamente para a execución das obras e atópanse urbanizados.

CARTO.- Autorízase expresamente á Xunta de Galicia para que inicie , de chegar a proceder, expediente de extinción por compensación das débedas que nazcan das obrigas de carácter económico ás que se refiren as cláusulas 3^a e 5^a, apartado 2d) e 9^a do Convenio. Así mesmo, autorízase a Xunta de Galicia, en canto administración contratante, a deducir dos importes procedentes do Fondo Nacional de Cooperación Municipal, as cantidades que o Concello tivese pendentes de aboamento.

QUINTO.- En canto ao uso das instalacións deportivas ás que se refire o convenio serán observadas as prescricións contidas na cláusula sétima do Convenio.

SEXTO.- Recibidas as obras o Concello comprométese á xestión, mantemento e conservación das futuras instalacións deportivas, sendo de conta deste a totalidade dos gastos que as mesmas xeren. O referido acto comportará a incorporación da obra ao patrimonio municipal.

SEPTIMO.- Facultar o Sr. Tenente de Alcalde, D. Ildefonso Piñeiro Díaz, para a sinatura do convenio de cooperación, para asistir ao acto de entrega das instalacións, e demais actuacións precisas para a execución deste acordo.

E sendo, dez horas e trinta minutos, e tendo cumprido ou obxecto da convocatoria, levantouse a sesión, de todo o cal, como secretario, dou fé e certifico.

Chantada, 14 de abril de 2008

O ALCALDE

O SECRETARIO

Manuel Anxo Taboada Rodríguez

Rafael del Barrio Berbel